

ACTA DE CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ENXEÑEIRO/A. RESPOSTA Á SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN FORMULADA POR UNHA DAS PERSOAS ASPIRANTES

Sendo as 10:00 horas do día 12 de xuño de 2024, reúnese o Tribunal cualificador, coa presenza das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

PRESIDENTE:

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

SECRETARIA:

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

VOGAIS:

Titular.- María del Mar González Estévez (Enxeñeira de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

Primeiro.- En data 5 de maio de 2024 fórmulase solicitude presentada por unha das persoas aspirantes no procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de funcionario de carreira da Escala de Administración especial, enxeñeiro/a, procedendo o Tribunal no presente acto á resolución da solicitude relativa ao requirimento de documentación.

Nº SOLICITUDE	1
2024-E-RE-875	2024-E-RE-875
SOLICITUDE	EXPÓN "Que estoy participando en el proceso selectivo indicado. Después de la publicación de las notas provisionales del tercer ejercicio se nos proporcionó a los aspirantes la documentación que solicitamos para formular las alegaciones oportunas". SOLICITA Que se tengan en cuenta las alegaciones a la valoración del tercer ejercicio que detallo y justifico en el archivo adjunto, y en concreto: Que se nos proporcione a los aspirantes la puntuación del Supuesto 3 desglosada por incidencias y apartados y nos



	<p>conceda nuevo plazo para realizar alegaciones a ella si lo consideramos oportuna”.</p>
<p>RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE</p>	<p>Se procede a resolver o segundo apartado da solicitude presentada pola persoa aspirante, ADMITÍNDOSE por maioría do Tribunal cualificador.</p> <p>Este Tribunal facilitará á solicitante -xa que o único dato que a aspirante descoñece- a puntuación do Suposto Práctico 3, do Terceiro exercicio do proceso selectivo de referencia, correspondente ao outro aspirante, desagregada por subapartados.</p> <p>En relación á posibilidade de concesión de novo prazo para si se considera procedente formular alegacións, sinalar que o prazo establecido nas bases é un prazo suxeito a suspensión, polo que o mesmo non se reinicia coa solicitude presentada. Ademais xa se formulou pola mesma aspirante unha petición de documentación anterior:</p> <p><i>“Que estou participando no proceso selectivo indicado no asunto, do que xa se publicou a puntuación do terceiro exercicio.</i></p> <p><i>SOLICITA</i></p> <p><i>Que se me proporcione a revisión do meu exame do terceiro exercicio. En concreto, con relación ao suposto número 1, a súa resolución correcta e como se asignan os 7 puntos que vale”.</i></p> <p><i>Núm.Rexistro 2024-E-R-824</i></p> <p>A finalidade desta fase de alegacións, que as bases recollen pero non sería xurídicamente esixible á marxe das mesmas, é a de depurar ao máximo a corrección con carácter previo á proposta definitiva, pero non pode servir para interromper reiteradas veces o proceso selectivo. Por dito motivo, e tendo en conta que están en posesión da solicitante tanto o seu exame como o doutro aspirante -polo que ao terceiro exercicio se refire- desde o día 3 de xuño, concédese un prazo dun día desde o seguinte a publicación da presente acta, para presentar, exclusivamente, alegacións á corrección do Suposto práctico 3, do Terceiro exercicio do proceso selectivo.</p>

Segundo.- Publicar a presente acta na Sede electrónica e na web do concello de Silleda www.silleda.es.

Sendo as 11:00 h levántase a sesión da que se estende a presente acta.



Documento asinado dixitalmente

Presidente, Leopoldo Moure Dopico

Secretaria, Carmen Miranda Posse

Vogais, María del Mar González Estévez, Juan Carlos Peteiro Rodríguez

